

DOCUMENTACIÓN MATRÍCULA

Xunto coas **solicitudes de matrícula** (debidamente cubertas e **asinadas por algún dos proxenitores ou o propio estudante, no caso de maioría de idade**) deberase achegar a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN XERAL

A.1 Alumnado de novo ingreso

1. 2 fotografías actuais tamaño carné (35x25mm), co nome e apelidos da/o alumna/o no reverso.
2. Fotocopia DNI, NIE,....
3. Fotocopia da tarxeta sanitaria (só para 1º e 2º da ESO).
4. Informe de saúde do médico de familia se hai algo que salientar.
5. Fotocopia de todas as páxinas do libro de familia onde figuren anotacións (se non se aportaron con anterioridade). No caso de non coincidir a situación familiar coa reflectida no libro de familia, achegarse documentación acreditativa das modificacións (sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador ...). No caso de separación ou divorcio o proxenitor custodio informará á dirección do centro de cuestións relevantes como: a privación da patria potestade do proxenitor non custodio, prohibición de comunicación co/a fillo/a, limitacións na recollida no centro escolar, etc.
6. Boletín de cualificacións, historial ou certificación académica expedido/a polo centro de procedencia, co fin de xustificar ter superado o nivel anterior ao que se matricula.

A.2 Alumnado que xa estaba no centro

1. 1 fotografía actual tamaño carné (35x25mm), co nome e apelidos da/o alumna/o no reverso.
2. Fotocopia do DNI, NIE... (se non se presentou en cursos anteriores).
3. No caso de cambios na situación familiar, documentación relacionada no apartado A.1.6.

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA

1. Se solicita comedor escolar: anexo II autodeclaración.
2. Solicitud de exención de lingua galega (no caso de proceder doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, o/a alumno/a poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega. Comunicar na secretaría, co fin de ser informados pola dirección do centro.
3. Ensinanzas profesionais de música e danza: dependendo do nivel de estudos, poden solicitar a validación de determinadas materias. Comunicar na secretaría co fin de ser informados pola dirección do centro.
4. Só para alumnado de bacharelato: nos casos de cambio de modalidade ou itinerario, matrícula de materias de continuidade que precisan a materia de 1º curso e repetición de 2º curso, solicitar información á dirección do centro.

IMPORTANTE.

O centro emprega abalarMóbil como ferramenta de comunicación coas familias. É preciso instalar a aplicación e completar o rexistro, co fin de recibir a información relativa ao alumnado vía telemática.

Calquera cambio nos datos da matrícula que suceda ao longo do curso (situación familiar, enderezo, teléfonos ...), deberá ser comunicado á secretaría do centro coa maior prontitude posible.

CALENDARIO DE MATRÍCULA CURSO 2024/2025

XUÑO-XULLO

Do 26 de xuño ata o 8 de xullo. **Por razóns organizativas procuren respectar as datas e horas indicadas a continuación:**

CURSO	XUÑO-XULLO: DÍA E HORARIO DE MATRÍCULA SEGUNDO A PROCEDENCIA
2º de BAC	26 de xuño de 8.30 a 14.30hs.
1º de BAC	Alumnado do Xograr: 27 de xuño de 8.30 a 14.30hs.
	Alumnado procedente doutros centros: 28 de xuño de 8.30 a 14.30hs.
4º da ESO	1 de xullo de 8.30 a 14.30hs.
3º da ESO	2 de xullo de 8.30 a 14.30hs.
2º da ESO	3 de xullo de 8.30 a 14.30hs.
1º da ESO	4 de xullo de 8.30 a 14.30hs.
Aqueles/as que non podan facer a matrícula no día asignado, farano nos días 5, e 8 de xullo.	

HORARIO DA SECRETARÍA:

- Ata o 5 de xullo: de 8:30hs. a 14:30hs. Resto de xullo de 9:00hs a 14:00hs.
- Setembro: de 8:30hs. a 14:30hs.

LIBROS DE TEXTO E MATERIAIS

- Publicados na web do centro a partir do 1 de xullo.

PROGRAMA DE AXUDAS DE MATERIAL (ESO)

- Publicación das listaxes provisionais de solicitudes admitidas de Axudas Material: 10 de xullo.
- Reclamación sobre as listaxes provisionais: 2 días seguintes á publicación das listaxes.
- Publicación das listaxes definitivas de Axudas material: 15 de xullo.
- Entrega dos VALES das axuda para adquisición de material escolar: a partir do 15 de xullo.